



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AS CONSELLERIAS DE SANIDADE E DO MEDIO RURAL DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A VIXILANCIA DAS CARRACHAS VECTORES DE ENFERMIDADE HUMANA E ANIMAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, **DECLARA:**

Que a Consellería de Sanidade ten previsto formalizar coa Consellería de Medio Rural e a Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido con vixencia ata o 30 de abril de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a Consellería de Sanidade, a Consellería do Medio Rural e a USC para a prestación de apoio técnico-científico e desenvolvemento das actividades relacionadas coa vixilancia e control de carrachas vectores de enfermidades en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase en que a Consellería de Sanidade e a Consellería de Medio Rural teñen a competencia do desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de enfermarse asociados aos determinantes de saúde, tanto humana como animal.

A USC desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e entre os seus fins esenciais atópanse o de contribuír aos avances para mellorar as condicións e calidade de vida do entorno social, por iso o Departamento de Parasitología da USC conta cunha liña de investigación denominada “control biolóxico de zoonoses” co obxectivo de realizar estudos sobre ectoparasitos e



a súa infestación por diversos microorganismos de interese humano e animal, con ampla experiencia no eido das carrachas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

